

# PARTICIPACIÓN AGRUPADA

## Food 4 Future



## Pavillón Galicia FoodTech en Food 4 Future 2025



13 ao 15 de maio de 2025



Bilbao BEC

### Food 4 Future – ExpoFoodTech

A Feira **Food 4 Future** converteuse nunha plataforma de innovación para o sector da alimentación e bebidas; un lugar de encontro onde atopar casos, tendencias, novas tecnoloxías e solucións para a sustentabilidade, a saúde e a dixitalización en toda a cadea de valor alimentaria.

O auxe das innovacións baseadas en plantas, as prácticas sustentables para un mañá mellor, a transformación dixital da produción alimentaria, a personalización e a experiencia do consumidor, a saúde e o benestar como nova prioridade, a seguridade alimentaria e a calidade e a aparición de novas fontes alimentarias son tendencias que marcarán esta edición de Food 4 Future.

### FoodTech Startup Forum


Nesta liña, Food 4 Future crea o **FoodTech Startup Forum**, que busca a novas empresas que poderían impactar no sector foodtech para facilitar o acceso a investidores, capital risco, empresas líderes e outras colaboracións.

### Pavillón Galicia FoodTech en Food 4 Future

Ante a oportunidade que supón este encontro, Clusaga promove a participación agrupada no evento a través de dúas modalidades: i) para proxectos de emprendemento da Business Factory Food (BFFood); e ii) outras entidades e empresas do ámbito tecnolóxico.

### Participación na exposición

- Pavillón de 80 m<sup>2</sup> na zona de start-ups (inclúe mobiliario e *branding*), con capacidade ata 12 mostradores
- Stand de 6 m<sup>2</sup> con un tótem central, e mostrador modular branco de 100x50x100 cm para cada participante



### MÁIS INFORMACIÓN

A participación para as startups da BFFood é gratuíta (terán que cubrir, desprazamento, aloxamento e manutención). Terán prioridade as startups de edicións máis recentes da BFFood.

O custo para outras entidades é de 2.800 € máis IVE.

A execución da acción está suxeita a alcanzar un mínimo de 8 participantes.

**O prazo de inscrición remata o mércores 5 de marzo de 2025.**

Para máis información pode contactar con Clusaga no correo [idi@clusaga.org](mailto:idi@clusaga.org) ou no teléfono 682 616 021.

**MANIFESTACIÓN DE INTERESE**

